

Faro *da* Cultura

O derradeiro renacentista

Cando Pasolini percorre Europa

JOAQUIM VENTURA

Cando os novos aires que corren no Vaticano están a eliminar a pompa cardinalicia (aí!, aquel desfile da Roma felliniana), a capital italiana vén de recuperar protagonismo co documental *Sacro GRA*, o film vencedor do León de Ouro na recente Mostra de Venecia. Roma, máis eterna que nunca. E se alguén contribuíu a deseñar e a interpretar a Roma do século XX ese foi Pier Paolo Pasolini (Boloña, 1922-Ostia, 1975).

Haí pouco apareceu a noticia dunha futura película sobre a súa figura, que dirixiría Abel Ferrara, con Willem Dafoe no papel de Pasolini, coa intención de dar luz ao misterio da súa morte violenta (coa sospeita ben fundamentada dunha conxura para que a súa novela *Petrolio* non destapase a misteriosa morte do presidente da ENI). Idéntica intención incorpora a exposición que se presentou ata o pasado 15 de setembro no CCCB barcelonés e que visitará a Cinemathèque Française en París, a Azienda Speciale Palaexpo en Roma e a Berliner Festspiele.

Algún crítico definiu esta exposición como triste. Eu diría esplendidamente triste pero dunha tristeza –que late, sen dúbida, ao longo da mostra– que está máis no espectador, xa que logo no espectador que foi coetáneo das obras de Pasolini, nin que fose espectador na súa mocidade no tardofranquismo. Tristeza –que non nostalgia– por tanta utopía perdida, por aqueles camiños que onte foron subversión e hoxe son ferramenta de poder e de consumo (como a sexualidade).


En troques, o espectador sensible si que notará nostalgia por aquela artesanía tecnolóxica definitivamente perdida que callaba nun poemario, nunha obra de teatro, nun debate ou nunha película. Anos de sensibilidade cara á alteridade, cando Pasolini publicaba unha antoloxía de poesía catalá (con traducións de Roís de Corella ou Verdaguer) e o recentemente desaparecido Jimmy Fontana versionaba “Il mondo” en catalán.

Ou simpatía cando a

translación a imaxes de clásicos da literatura como *Il Decameron* ou *Os contos de Canterbury* provocaban procesos xudiciais. Romano de adopción desde que chegara do Friul onde medrara, tivo que loitar coas súas particulares sombras familiares: a morte absurda, na resistencia, do seu irmán Guido; a fuxida coa súa nai da presión do pai e marido; o conflito entre ser ateo de matriz católica, comu-

nista e homosexual, condición que para a Igrexa era antinatural e para o PCI –así o dixo cando expulsou a Pasolini– un dos “aspectos máis deletorios da xeración bur-

Cartel de “Teorema” (1968).




guesa”. Contradición que el resolveu coa vindicación de Antonio Gramsci (enterrado no cemiterio católico do Testaccio) nos poemas de *As cinzas de Gramsci*.

Pier Paolo Pasolini fíxose romano e deixouse adoptar pola maternidade da cidade do Tíber. Unha cidade que, como a Lúa, ten unha cara escura, ocultada á mantenta para salvar a beatitude e máis o turismo, e que el soubo abrir co seu particular abrelatas. E así temos aquela primeira novela *Ragazzi da vita* que lle abriu as portas para escribir guións de cine (*La dolce vita*, *Le notte di Cabiria*, *La comare secca*) e para dar o pulo a dirixir: *Accatone*, *Mamma Roma*, *O Evanxeo segundo Mateo*, a surrealista *Paxaretas e paxariños* (co inefable Totó), entre tantas outras ata a terrible *Saló*.

Tivo que loitar contra as súas particulares sombras familiares

Comprometido coa sociedade (dirixiu a revista *Lotta Continua*), intuía a transformación social cara ao consumo. Canto á cultura popular prognosticou a aculturación (para el o auténtico fascismo) e a manipulación televisiva. Profeta da defensa do medio ambiente e das elites obreiras avanzadas, non dubidou en confesar sentirse máis preto dos policías (“fillos de pobres”) que dos estudantes de Arquitectura que en 1968 os atacaron

Pier Paolo Pasolini (1922-1975).



ARTE: A RIBEIRA DE VIGO
VISTA POR JOHN TODD / PÁX. III



ENTREVISTA COA CANTAUTORA
NAJLA SHAMI / PÁX. V

TEATRO: “TOUPORROUTOU
DA LÚA E DO SOL” / PÁX. VIII